

PLAN DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CURSO 2023/2024

1. O IES DA CAÑIZA

O noso centro atópase situado na Cañiza, no sueste da provincia de Pontevedra, limitando ao norte cos concellos de Covelo e Melón (este da provincia de Ourense), ao sur con Crecente, Arbo e As Neves, e ao oeste con Salvaterra de Miño, Mondariz e Covelo.

As vías de comunicación máis importantes que transcorren pola vila son tanto a antiga nacional N-120, que atravesa o casco urbano, como a Autovía das Rías baixas A-52. A través destas estradas, A Cañiza comunícase coas cidades de Vigo e Ourense, situadas aproximadamente a unha distancia de 60 quilómetros.

Trátase dunha zona eminentemente rural, do interior, cun sector primario aínda importante fronte a unha industria emerxente (polígono industrial) e un sector servizos baseado no comercio, a hostalaría e a alimentación .

O IES A Cañiza é un centro de ensino postobrigatorio no que se imparte bacharelato nas modalidades de Ciencias e máis Humanidades e Ciencias Sociais, ciclos formativos de grao medio de Xestión administrativa e de Electromecánica de vehículos, e formación profesional básica nas modalidades de Informática de oficina e Mantemento de vehículos.

No curso escolar 2023/2024 o IES A Cañiza conta con 155 alumnos/as matriculados (aproximadamente), un claustro de 27 docentes, un orientador, unha conserxe, un auxiliar administrativo, 2 limpadoras e unha encargada do servizo de cafetería.

O profesorado con destino definitivo no instituto procede principalmente de Ourense (capital e concellos da provincia, como Ribadavia ou O Carballiño), ou da zona de Vigo. Non contamos este curso con ningún membro do profesorado orixinario da Cañiza ou da comarca, pero si que viven nela.

Esta situación provoca que o profesorado, maioritariamente, descoñeza a idiosincrasia da zona, posto que permanece no centro única e exclusivamente durante o período laboral, sen existir contacto coa vila e os seus habitantes.

A maior parte do alumnado provén de familias de ámbito rural dos concellos da Cañiza, Crecente, Arbo, O Covelo, Padrenda (Ourense) cunha poboación moi dispersa, o que dificulta o transporte e as posibilidades de facer actividades fóra do horario escolar, cun nivel económico medio-baixo e cunhas condicións situacionais cara ao estudo deficientes en moitos casos.

Cabe destacar a escasa implicación das familias no proceso educativo dos fillos e fillas, como ben amosa a escasa participación das familias na organización do centro (Consello Escolar).

2. BREVE ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

O galego é a lingua de comunicación habitual no centro, usada na páxina web e redes sociais, na organización e desenvolvemento da maior parte das actividades extraescolares.

Así mesmo, no ámbito administrativo, os oficios, as convocatorias, as citacións, os certificados, os documentos de relación coas familias e co contorno social, como poden ser correspondencia, correos electrónicos, boletíns de notas, publicacións, comunicados e demais documentos académicos e oficiais son redactados en lingua galega.

O profesorado emprega con frecuencia o galego nas conversas con outros membros do claustro, coas familias, co alumnado e co persoal non docente. Aínda que tamén está presente o castelán, dependendo ás veces da opción persoal de cadaquén.

En canto ao alumnado nos últimos cursos observamos un descenso do número de galego-falantes, aumentando, pola contra, o alumnado que fala máis habitualmente en castelán ou que o fala exclusivamente.

Aqueles/as que se recoñecen galego-falantes explican que cambian a súa lingua no colexio ou no instituto para facer exames ou incluso para falar coas súas amizades (cambio que non se produce no alumnado castelán-falante).

En xeral, o alumnado considera que ten capacidades suficientes para desenvolverse en ambas linguas á hora de entender, falar ou ler pero considera que esa capacidade é menor en galego cando se trata de escribir.

A opinión maioritaria permítenos afirmar que o noso estudiantado considera a lingua galega un elemento fundamental na identidade de Galiza e dos galegos. Está a favor de que a nosa lingua reciba un apoio específico que garanta o seu futuro porque son coñecedores de que as súas perspectivas de futuro non son boas. A pesar disto, é escaso o alumnado comprometido coa lingua galega ou que recoñeza que esta se atopa nunha situación de inferioridade con respecto ao castelán.

Tamén nos parece importante destacar que o alumnado bota en falta unha variada oferta audiovisual, musical e de contidos de internet en galego, así como actividades de ocio e un maior uso da nosa lingua por parte das autoridades políticas así como de artistas, deportistas e referentes sociais.

Tendo en conta todo isto, o Equipo de dinamización lingüística traballará no próximo curso non só para complementar a adquisición dunha maior competencia lingüística do noso alumnado, senón tamén para eliminar prexuízos e formar falantes que valoren positivamente a súa lingua de maneira que se converta no vehículo de comunicación que usen dentro e fóra do ámbito educativo.

Somos conscientes de que as actuacións que levemos a cabo no noso centro non son suficientes para revertir a situación do descenso de alumnado galego-falantes se non se ven reforzadas por políticas lingüísticas de normalización para todo o conxunto da sociedade promovidas polas autoridades competentes.

De maneira xeral, todos os membros da comunidade educativa amosan unha predisposición positiva cara á normalización da nosa lingua. A pesar disto somos conscientes de que é posible mellorar en moitos ámbitos, incorporando maior número de alumnado e profesorado no labor normalizador do equipo

3. OBXECTIVOS DO PROXECTO

- Potenciar o uso da lingua galega en todas as actividades, impulsando a súa presenza en todas as áreas do currículo e, en xeral, na vida do centro, para posibilitar que todos os membros da comunidade educativa acaden competencia efectiva na nosa lingua.
- Mellorar as competencias lingüísticas activas e pasivas do alumnado, do profesorado e do persoal non docente, proporcionándolle asesoramento e material cando sexa posible.
- Promover o uso activo de ferramentas das tecnoloxías da comunicación en galego.
- Valorar positivamente o uso da lingua galega contribuíndo á eliminación prexuízos asociados ao idioma.
- Introducir a problemática sociolingüística como tema de reflexión para realizar unha análise profunda, rigorosa e actualizada da situación lingüística do centro.
- Dar a coñecer a lexislación en materia lingüística e facilitar información sobre os dereitos lingüísticos a todos os membros da comunidade educativa.
- Promocionar no centro, e incluso fóra del, as actividades promovidas polo equipo de normalización a través de folletos informativos, carteis, etc.
- Implicar activamente a toda a comunidade escolar, especialmente ao alumnado, no labor dinamizador do uso da lingua galega e da súa valoración positiva, con repercusións máis alá dos límites do centro escolar.
- Elaborar, no marco dun plan proxecta de innovación, material didáctico específico no eido administrativo, da automoción, da economía e da tecnoloxía e difundir o mesmo dentro e fóra do centro.

4. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

Membros do equipo de EDL:

Coordinadora: Lucía Blanco Rodríguez.

Profesorado: Ana María Pérez González, Fernando Justo Varela

Alumnado: Jimena Alves Dacuña, Inés Cobas González, Lía Da Cruz Costa, Natalia De Alejandro Álvarez, Yésica Fernández Sánchez, Gabriel Sampayo Pérez, Rebeca Vello Riveiro.

Persoal non docente: Isabel Gómez Rosales.

4. PROPOSTA DE ACTIVIDADES

Para acadar os obxectivos marcados no programa, levaremos a cabo as seguintes actividades, tendo en conta para a súa avaliación o **Proxecto Lingüístico do Centro**, renovado e aprobado este ano e con validez para os vindeiros 4 cursos académicos:

- Subscrición a xornais e revistas en lingua galega que estarán a disposición dos usuarios da biblioteca do centro. Igualmente difundiremos a existencia de webs, blogs, redes sociais onde o galego se use como lingua habitual.
- Manteremos a subscrición ao diario Nós.
- Concursos literarios de narrativa ou poesía, ligados a algunha das celebracións destacadas no calendario escolar.
- Concursos para desenvolver iniciativas creativas para promover a lingua galega dentro e fóra do noso centro (intentarase promover iniciativas de xeito conxunto co CEIP da Cañiza mediante o contacto co seu equipo de dinamización lingüística.
- Actividades relacionadas coas festas tradicionais galegas: Magostos, a Candeloria, o Entroido os Maios...
- Colaboración co profesorado encargado das TIC's achegando recursos (tradutores, correctores, páxinas web de interese, etc) para as diferentes áreas.
- Difusión das actividades do EDL na web e redes sociais do centro.
- Sesións informativas sobre linguaxe administrativa: elaboración de textos básicos (cartas, solicitude, fax...), emprego de maiúsculas, etc, destinado ao profesorado e persoal non docente pero aberto a calquera membro da comunidade educativa.
- Mantemento do taboleiro informativo do EDL, onde se recolle información variada relacionada coa actividade do equipo ou da situación da nosa lingua.
- Colaboración no Plan lector e co equipo de biblioteca na búsqueda de libros textos temáticos sobre a nosa lingua, guías de lectura e demais actividades organizadas.
- Compra de fondos bibliográficos para a biblioteca sobre temas relacionados coa sociolingüística.
- Colaboración na organización de actividades para conmemorar o Día das Letras Galegas.

- Difusión entre o alumnado e o profesorado de grupos musicais, estreas cinematográficas, e, en xeral, de actividades e manifestacións culturais en galego.
- Organización de charlas con persoas que poidan achegar o seu testemuño e experiencia relacionados co proceso de normalización da lingua galega e con calquera outro aspecto ligado á situación sociolingüística en Galicia. Darase prioridade a persoas da contorna da Cañiza.
- Colaboración coa empresa Vía Láctea Films coa proxección de curtas e filmes en galego.

O EDL do IES da Cañiza, colaborará de maneira estreita, coas actividades organizadas co departamento de galego e coa biblioteca.

Calquera outra actividade que poida ter lugar durante o curso, organizada polo Equipo de dinamización, será recollida na memoria final.

5. AVALIACIÓN

Periodicamente reunirse o Equipo de dinamización para realizar o seguimento das actividades propostas e para avalialas propoñendo as melloras que se consideren oportunas. Esta información archivarase sendo empregada na elaboración da memoria final.

Lucía Blanco Rodríguez
Coordinadora do
Equipo de dinamización lingüística
A Cañiza, 25 de setembro de 2023